

Con motivo da entrada en vigor da Lei 30/3007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público, a partir do 1 de maio do 2008, os Organos de Contratación dos Poderes Públicos Adxudicadores están obrigados a crear o “perfil do contratante”, cumprindo a previsión recollida no artigo 42 da citada Lei, co fin de que toda a información, sexa voluntaria ou legalmente obrigatoria, relativa ó procedemento de adxudicación dos contratos que se licitan, poida colgarse na mesma en cumprimento dos principios de igualdade, transparencia, concurrencia e publicidade, que deben presidir toda a contratación do Sector Público.

O perfil do contratante podrá incluír calesqueira datos e informacións referentes a actividade contractual do órgano de contratación, tales como os anuncios de información previa contemplados no artigo 125, as licitacións abeertas ou en curso e a documentación relativa as mesmas, as contratacións programadas, os contratos adxudicados, os procedementos anulados e calquear outra información útil de tipo xeral como puntos de contacto e medios de comunicación que poden utilizarse para relacionarse co órgano de contratación. En todo caso será obrigatoria a publicación no perfil do contratante a adxudicación provisional dos contratos, xa que unha vez dada a conocer a través deste medio, empezan a correr os prazos, aunque só para os contratos suxeitos a “regulación armonizada” (art. 13 LCSP), para a interposición do Recurso Especial de Contratación (Art 37 LCSP) e para a solicitude de adopción de Medidas Provisionais (Art. 38 LCSP), e, para tódolos contratos, os recursos ordinarios de alzada ou reposición, regulados na Lei 30/292, de 26 de Novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedimiento Administrativo Común.

A forma de acceso ó perfil do contratante deberá especificarse nas páxinas Web institucionais dos entes, organismos e entidades do Sector Público, na Plataforma de Contratación do Estado (Art. 309.1 LCSP), ou na Plataforma de Contratación das Comunidades Autónomas (Art. 309.5 LCSP), e nos “Pregos de cláusulas administrativas particulares” (Art. 99 LCSP) e nos anuncios de licitación (Art. 126 LCSP).

Organo de Contratación: Concello de Trabada.C/ Concello 15, 27765- Trabada
Negociado: Contratación (Secretaría).Teléfono: 982-135011Fax: 982-135257 Correo electrónico: concello@trabada.es

Web: www.trabada.es

[Consultar os anuncios do Perfil do Contratante](#)